

CENTENARIO DO NACEMENTO DUN GRAN PINTOR:

*** **laxeiro** ***



Naceu na parroquia de [Donramiro \(Lalín\)](#), o [23 de febreiro](#) de [1908](#). Ata os seis anos vive coa súa familia, que reside en Vilamaior ([Botos](#)), parroquia á que Laxeiro volvería anos despois para lembrar a súa infancia como escolar e pastor. A súa aptitude para o debuxo chama a atención ós seus mestres e a súa imaxinación e fantasía fano popular entre os veciños, converténdose en actor improvisado que o mesmo recita un poema que artella un inspirado sermón. Neste escenario rural é onde alimenta o seu mundo interior, con romarías, tolos como "O Naranxo", vagabundos que deambulan polas aldeas, moinantes, e unha tradición chea de mitoloxía, superstición, lendas e fábulas, que estarán presentes sempre na súa obra; escenarios como A Romea, poboados por animais máxicos e personaxes de extraordinarios poderes. En 1936 estoura a [guerra](#) e Laxeiro incorpórase ao bando franquista; destínano á fronte asturiana, onde coincidirá co escritor [Celso Emilio Ferreiro](#) ^{[[Cómpre referencia](#)]}.

En [1951](#), pintor xa recoñecido, trasládase a [Buenos Aires](#) para presentar unha exposición colectiva. O éxito anímao a permanecer alí ata [1960](#). Relacionado con pintores da vangarda arxentina, expón con frecuencia e aparece como escritor de contos e relatos. A súa etapa arxentina inflúe decisivamente na súa traxectoria artística.

O ano [1968](#) sería decisivo para Laxeiro. De volta a [España](#), a súa exposición na Galería Biosca, coas súas obras máis destacadas, obtén notable éxito. Instalado no ático do Café Gijón, decide viaxar a [Holanda](#) para coñecer a pintura de [Rembrandt](#), que deixará nel unha pegada profunda.

Chegan exposicións, homenaxes e o recoñecemento da obra deste pintor universal nacido en [Lalín](#), que pode recoller en vida. As súas obras colgan en importantes museos e acadan unha elevada cotización. Doa ao pobo de [Lalín](#) unha importante colección de cadros que exporán no Museo de Fillos Ilustres e recibe numerosas homenaxes populares. O seu nome figura nunha das rúas da vila lalinense. Tamén en [Vigo](#), inaugúrase en [1985](#) a Casa de Laxeiro, un museo onde ademais dalgunhas das súas mellores obras pódense ver obxectos persoais, como aquela caixa de pinturas que lle obsequiara outro fillo ilustre de Lalín, [Ramón M^a Aller](#), o sabio lalinense que intuía o xenio do rapaz-pintor de ([Botos](#)).

Laxeiro continúa co seu traballo. No ano [1989](#), ten a honra de ser o artista elixido para a exposición inaugural do [Auditorio de Galicia](#) en [Santiago](#), e recibe a Medalla Castelao da [Xunta de Galicia](#). O [21 de xullo](#) de [1996](#), Laxeiro morre na súa casa de [Vigo](#), sendo soterrado no Cemiterio de [Lalín](#).

